



■ **Marcha contra CELULOSAS**  
Sábado 2 de xuño ás 19:30 h. desde as alamedas de Marín e Pontevedra

■ **Manifestación en defensa da sanidade e o ensino público**  
Domingo 3 de xuño ás 12 na alameda de Santiago

## En BLOQUE para conseguirmos traballo, democracia e soberanía **É tempo de acción !**

Veñen de celebrarse dous actos importantes para o nacionalismo e para o país: a Convención Nacional do BNG, que ateuigo o pazo de congresos de Santiago con máis de 2000 participantes, e a manifestación en defensa do noso idioma, convocado pola Plataforma Queremos Galego, que fixo pequena a compostelana Praza da Quintana.

Foron dous actos nos que a militancia do BNG se involucrou activamente, mostrando músculo e unha impresionante capacidade de reacción diante das políticas agresivas do PP.

Máis non podemos pararnos. A política do PP, que non reactiva a economía, que destrúe emprego, que deteriora os servizos públicos e que elimina os dereitos laborais e sociais require unha grande e continuada contestación social. E niso estamos a traballar.

Nos vindeiros días imos ter outros dous actos nos que compre máis unha vez unha resposta masiva e contundente da base social do BNG

e da cidadanía no seu conxunto. Trátase da marcha contra celulosas convocada pola APDR e da manifestación nacional en defensa do ensino e da sanidade pública.

### **Ence fóra ría**

A intención da pasteira de perpetuarse en Lourizán, e a “ambigüedade” do PP, que agocha a clara intención de avalar a postura da empresa e consolidar ENCE na ría, fai máis necesario que nunca unha resposta masiva e contundente da cidadanía, participando na marcha que sairá o sábado 2 ás 19:30 h. desde as alamedas de Pontevedra e Marín.

### **Por un servizos públicos universais e gratuítos**

E o domingo 3 teremos outra cita importante, esta vez en Santiago de Compostela, convocada conxuntamente polas Plataformas “en Defensa do Ensino Público” e “SOS Sanidade Pública” contra o desmantelamento destes dous servizos públicos esenciais. Será ás 12 da mañá desde a alameda.

## Actividade na rúa



## Peche contra os recortes do PP ao ensino público

O BNG participou no peche convocado pola Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público que se celebrou o pasado mércores 23 no IES Luís Seoane de Pontevedra.



## Protesta contra a Reforma Laboral

O BNG participou na concentración convocada pola CIG este mércores 23 contra a reforma laboral e en defensa do ensino e a sanidade públicas.

Obxectivo: pór fin ao elevado índice de atropelos e a alta sinistralidade nas estradas secundarias galegas

## O BNG toma a iniciativa para mellorar a seguranza viaria nas vilas e cidades

Para o BNG a seguranza viaria debe ser unha preocupación fundamental de todas as administracións públicas e axentes sociais pola súa tremenda incidencia en vidas humanas, lesións, repercusións económicas e diminución da calidade de vida, e con este motivo presentou unha iniciativa no Parlamento Galego para que se elaboren unhas directrices para o tráfico urbano e periurbano, e se adecuen as velocidades máximas ás características das vías galegas.

En canto a seguranza viaria hai unha serie de factores e características específicas do noso país, como son: un alto índice de atropelos ou unha alta sinistralidade en estradas secundarias.

No Plan de Seguranza Viaria de Galiza elaborado pola Xunta, bótanse en falla o tratamento de dous ámbitos fundamentais, que son, precisamente, aqueles nos que os índices de sinistralidade seguen a ser claramente desproporcionados: os contornos urbanos e periurbanos e a adecuación dos límites de velocidade ás características das vías.

### A lexislación estatal non está adaptada ao noso país

A lexislación estatal determina que “en todas as vías convencionais e non convencionais que non sexan autovías ou vías para automóbiles, a velocidade máxima, en ausencia de sibilización máis restritiva, é de 90 quilómetros por hora, con 20 a maiores para adiantar”. Non fai falla argumentar que en pistas e estradas que non reúnan certas características mínimas de sección e segregación de usos esta é unha velocidade absolutamente desproporcionada e causa unha perigosidade inasumíbel.

Para pór remedio a esta situación, a iniciativa do BNG insta á Xunta a elaborar unhas directrices que sirvan de recomendacións para as outras administracións e que sexan de obrigado cumprimento para a propia Xunta, e que teñan como obxectivo a redución da sinistralidade.

### Pontevedra, modelo a seguir

O traballo feito en Pontevedra nos últimos anos amosouse enormemente eficaz na minorización de accidentes de tráfico, así como nas consecuencias dos mesmos, reducíndose de xeito moi significativo as vítimas graves ou moi graves. Especialmente significativa é a redución de vítimas mortais por atrolelos, que é un dos problemas máis graves do tráfico nos contornos urbanos.

Pontevedra é pioneira na posta en marcha de iniciativas de redución da velocidade nas vías urbanas (deseño viario para o calmado do tráfico, convivencia das distintas formas de mobilidade, implantación de velocidade máxima trinta en toda a cidade), que a levou a ser recoñecida con numerosos premios.

Os datos de accidentalidade de Pontevedra confirman que este é o camiño a seguir para acadar o ambicioso proxecto de reducir a cero as vítimas de accidentes de tráfico nos entornos urbanos.



Carme da Silva,  
Deputada no Parlamento Galego

## Pontevedra

# O asilo de Pontevedra e a privatización dos servizos públicos

Asistimos estes días ao peche do Asilo de Pontevedra, unha institución privada que até o de agora veu cumprindo un servizo que é competencia da Xunta de Galiza. É máis, unha institución que desde a súa fundación foi propiedade dunha orde relixiosa, as *Hermanitas de la Caridad*.

A escusa do funcionamento do asilo de anciáns serviu á Xunta para non dotar, nin en Pontevedra nin na súa comarca, as prazas públicas necesarias para a cobertura das persoas maiores.

Esta situación estivo a piques de mudar no ano 2006, cando o BNG no goberno galego asumiu que era imprescindible dotar un servizo público residencial para persoas maiores e non deixalo en mans dos intereses dunha orde relixiosa e privada. Foi así que se asinou un protocolo polo que o Concello puña a disposición da Xunta a residencia da ONCE con este fin.

Na actual lexislatura o PP manifestou publicamente que non ía admitir este edificio e, deste xeito, chegamos hoxe a unha situación límite na que Pontevedra non conta con prazas de residencia para persoas maiores ás que lles cumpra seren atendidas no derradeiro treito da súa vida.

Malia a situación exposta, o BNG non considera que sexa o momento de buscarmos culpábeis nin de nos botármonos os trastos á cabeza uns aos outros, senón que é o momento de colaborarmos entre as todas administracións para solucionarmos os problemas das cidadás e dos cidadáns.

Así pois, o BNG volve pór á disposición da Xunta o edificio da ONCE ou calquera outro terreo ou instalación para que se poida instalar na nosa cidade unha residencia de anciáns. Tal e como se manifestou no Pleno do mes de maio, o BNG non ten o menor ánimo de protagonismo neste asunto e mesmo somos sabedores da existencia doutras



instalacións infrautilizadas no Concello, como pode ser a residencia Príncipe Filipe, cuxo uso podería estudarse.

## O servizo público como dereito

Un servizo público é un dereito que temos todos os galegos e as galegas, polo que non pode ser que a súa prestación dependa de intereses económicos privados, que, antes ou despois, carrexan perda de calidade e mesmo a desaparición do noso dereito.

En realidade, casos como este, amosan que, detrás das privatizacións e retallamentos que está a aplicar o Partido Popular, en seguida xorden o negocio e a falla de solidariedade: só as persoas de maior poder adquisitivo teñen a posibilidade de acceder a un servizo, neste caso a unha residencia ou aos cuidados dalgún profesional privado.

Así pois, o PP e o PSOE, como representantes do sistema que nos impón a Unión Europea, están a aproveitar a actual crise para quitarnos os nosos dereitos e convertelos nunha nova fonte de negocio privado para beneficio duns poucos.

O caso do asilo de Pontevedra só é un exemplo de cara onde nos conducen as políticas que aplican os gobernos da Xunta e de Madrid.

## Poio



## ■ O concello mellora a praia do Laño: un dos espazos litorais máis fermosos do municipio

O acondicionamento do entorno da Praia do Laño en Samieira permitiu a recuperación dun dos entornos máis bonitos do litoral de Poio. Esta praia é unha das máis grandes do noso concello, situada nun dos poucos tramos do litoral que aínda están intactos pero que carecía de accesos e servizos axeitados.

Esta actuación, que complementa a outras xa executadas con anterioridade, permite enlazar as praias do Laño e do Caeiro mediante un fermoso paseo á beira da praia cun recorrido de 600 metros salvando cunha ponte o regato que atravesa a mesma.

Este paseo en terra compactada supón unha actuación blanda con escaso impacto ambiental que se complementa con mobiliario urbano e a plantación de arbores.

## ■ O Concello, pioneiro en Galiza en pór en marcha iniciativas para mellorar as patoloxías das e dos mariscadoras a pé

O colectivo de mariscadoras e mariscadoras a pé, é un colectivo moi importante no noso concello, que ten unha serie de doenzas derivadas do seu traballo. A pesar da súa evidencia, as patoloxías da xente do mar non son recoñecidas como tales pola Xunta de Galiza.

O Concello de Poio, vén de poñer en marcha unha iniciativa pioneira en Galiza dirixida especificamente a este colectivo, co obxectivo de previr e mellorar as doenzas causadas polo tipo de traballo que realizan. As actividades comezarán o mércores 30 ás 20 h. cunha charla formativa na lonxa de Campelo, e ofrecerá un servizo de padiola itinerante e dous días de exercicio físico.



## Pontevedra



## Lola Dopico deixa o Concello

No Pleno da corporación de Pontevedra deste mes de maio efectivizouse a dimisión da Lola Dopico, que exerceu cinco anos como concelleira cun balance que só se pode cualificar de excepcional.

Lola incorporouse ás listas do BNG para as eleccións do 2007 e xa desde ese momento compatibilizou a dirección da Escola Superior de Deseño e moda de Galiza (ESDEMGA) coas responsabilidades políticas, primeiro como concelleira de Cultura e, no actual mandato, como responsábel de Igualdade e da Sociedade do Coñecemento.

Lola demostrou sempre ser unha boa compañeira, concienciosa no seu traballo e implicada no avance do nacionalismo. Tarefas profesionais como investigadora e o futuro da Escola Superior de Deseño e Moda de Galiza que dirixe, leváronna a ter que deixar o seu traballo no Concello.

Desde a súa militancia no BNG, Lola seguirá aportando as súas ideas e o seu traballo por Pontevedra, por Galiza e polo avance do nacionalismo.

## Moraña



Eva Villaverde e Marcos Suárez,  
concelleiros do BNG

## O BNG califica de inaceptábel que a estas alturas o PP non presentase os orzamentos para 2012

Co PP no goberno municipal en Moraña seguimos coa dinámica de gobernos anteriores, no que se refire á planificación orzamentaria municipal. Desde o BNG criticamos esta situación pois xera problemas nas tramitacións e na planificación de gasto e investimento de servizos municipais.

O BNG considera que o concello de Moraña non conta cos orzamentos do ano 2012 pola falta de rigor na xestión do goberno municipal do PP, demostrando ademais a falta de proxecto político e a incapacidade e pasividade de xestionar os cartos públicos de todos os morañeses e morañesas.

Para o BNG é inaceptábel que en pleno mes de maio os orzamentos non se teñan sometido a debate plenario. Lonxe quedan as promesas do PP de ter os orzamentos deste ano no mes de xaneiro. Un compromiso máis que se incumpre pola alcaldesa e o seu equipo.

## Barro



Xosé Manuel Fdez. Abraldes,  
Portavoz do BNG en Barro

## O BNG insta a Louzán a que remate a estrada de Perdecanaí e poña fin ao perigo que supón unhas obras a medio facer

Cinco anos, que se di pronto, leva a Deputación a voltas co necesario arranxo da estrada de Perdecanaí. Todo unha mostra de xestión rápida e eficaz do señor Louzán.

As obras comezaron en 2007 e paralizáronse a finais desde mesmo ano. Desde ese mesmo momento, o BNG instou a que se rematasen as obras pola incomodidade e perigo que supoñía para os veciños e usuarios da mesma. En 2008 presentamos unha moción que foi rexeitada polo PP argumentando que o reinicio era inminente. En 2010, ante o nulo avance das obras, volvemos solicitar o seu remate. As obras non se volverían reiniciar até 2011, xusto antes das eleccións municipais, e non sen que antes os veciños entregasen na Deputación un feixe de sinaturas reclamando o seu final. Unha vez pasadas as eleccións as obras volveron paralizarse.

A día de hoxe a estrada é un verdadeiro perigo, cun ancho de vía que varía continuamente, con postes de luz e teléfono no medio da calzada e cunha deficiente sinalización. Diante desta situación, o BNG volveu solicitar no concello que se lle esixa á Deputación o arranxo definitivo da estrada.

## Caldas

## A iniciativa do BNG, o Concello esíxelle á Xunta o mantemento do Servizo de Axuda no Fogar Básico

Dentro da política xeral de desmantelamento dos servizos básicos que está a levar a cabo o PP está tamén o servizo de axuda no fogar. A Xunta do PP vén de sacar unilateralmente (sen negocialo coa FEGAMP) un decreto polo que se desentende completamente dos servizos sociais comunitarios nos concellos de menos de 20.000 habitantes, que son a inmensa maioría no noso país.

A supresión por parte da Xunta do Servizo de Axuda no Fogar Básico obrigará, no mellor dos casos, aos concellos a financiar o servizo e aos usuarios e usuarias a pagar máis nas súas aportacións ou, no peor dos casos, a que este servizo desapareza.

Con esta medida a Xunta está abdicando das súas obrigas, e pretende trasladar unha responsabilidade que é súa aos concellos, que agora non só teñen que poñer as instalacións municipais senón tamén asumir todos custes, desde a xestión de todos os sistemas informáticos até as horas de traballo do persoal do Concello.

Este decreto establece tamén unha nova regulación da participación económica das persoas usuarias no custe do servizo, que se incrementa de xeito substancial en case todos os treitos de renda. Incrementos grandes para as persoas que teñen recoñecidas as prestacións por dependencia e aínda maiores para as que, sen telas recoñecidas, están en grave situación de risco ou vulnerabilidade.

Para facer fronte a este decreto tan regresivo, o BNG presentou unha moción, na que se solicitaba que a Xunta manteña o financiamento do Servizo de Axuda no Fogar Básico, que contribúa economicamente ao mantemento de todos os servizos comunitarios dos concellos e que non se incremente a participación dos usuarios no custe do servizo.

Como era de agardar, o PP caldense, submiso diante das decisións da Xunta e preocupado unicamente en taparlle as vengonzas ao PP galego, non apoiou a moción.



Iñaki Fdez. Zárraga,  
Portavoz Municipal en Caldas

**Entre 2010 e 2012 a Xunta do PP reduciu o orzamento para prestacións sociais básicas de 24 a 12,4 millóns de euros**

En BLOQUE,  
**PODEMOS!**

En Galiza, hai alternativa



Para conseguir traballo, democracia e

# soberanía

## *Galiza precisa*

- O aforro galego ao servizo de Galiza cunha  
**Banca Pública**
- Investir e xestionar o que se recada aquí con  
**Outro modelo de Financiamento**
- Que pague máis quen máis ten, cunha  
**Reforma Fiscal**
- Uns servizos universais, con  
**Ensino e Sanidade Pública**